



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2005,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.  
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**D E C R E T O S**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se dispón que cese José Luis Veiga Castiblánquez como delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda na Coruña.
- Decreto polo que se dispón que cese Norberto Francisco Bayón Rey como delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda en Ourense.
- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Lozano Rodríguez como delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda en Pontevedra.
- Decreto polo que se dispón que cese Pedro Arbolí Albarración como delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda en Vigo.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Consellería de Economía e Facenda na Coruña a María Dolores Rodríguez González.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Consellería de Economía e Facenda en Ourense a José Luis Gutiérrez Rodríguez.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Consellería de Economía e Facenda en Pontevedra a María José de Castro Peña.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Consellería de Economía e Facenda en Vigo a Begoña Martín-Riva Porrúa.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se dispón que cese Tomás José Fernández-Couto Juanas como director xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente.



- Decreto polo que se nomea a Alberto Blanco Casal director xeral de Montes e Industrias Forestais.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se crea a Xunta Consultiva do *Parque Natural do Invernadoiro*.

## **A C O R D O S**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se modifica a composición dos membros permanentes, por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, na Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia e se comunica a dita modificación.

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Protocolo Xeral polo que se establece a colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Innovación e Industria, no Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3)

### **POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra no punto quilométrico 107+580 da Variante de Marín. Treito: conexión estrada de Figueirido coa C-550, subtreito: PO-313 á 550", por unha contía de setecentos catorce mil oitocentos un euros con vinte céntimos.

## **M O C I Ó N S E P R O P O S T A S**

- Decaración institucional da Xunta de Galicia de apoio á candidatura para a declaración do Patrimonio Galego-Portugués como Obra Mestra do Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade.



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA DE APOIO Á CANDIDATURA PARA A DECLARACIÓN DO PATRIMONIO ORAL GALEGO-PORTUGUÉS COMO OBRA MESTRA DO PATRIMONIO ORAL E INMATERIAL DA HUMANIDADE**

O Goberno galego expresa o seu apoio á candidatura presentada pola asociación *Ponte...nas ondas!* para a declaración do Patrimonio oral galego-portugués como Obra Mestra do Patrimonio Oral da Humanidade. Na xuntanza do Consello da Xunta desta mañá acordou, ademais, transmitir esta declaración institucional aos gobernos español e portugués e á UNESCO.

A declaración como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade tería unha importante trascendencia para o coñecemento e promoción do patrimonio oral común galego portugués.

A asociación cultural e pedagóxica *Ponte...nas ondas!*, co apoio de diversas entidades e institucións galegas e portuguesas, promove a candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués para o seu recoñecemento pola UNESCO como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.

A candidatura foi presentada ante a UNESCO en outubro de 2004. No mes de agosto de 2005 recibíuse unha comunicación oficial da UNESCO na que se fai constar que a candidatura "está preparada para someterse á avaliación por parte do Xurado Internacional".

A cultura oral común galego-portuguesa conforma un amplo abano de manifestacións literarias, musicais e etnográficas (cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enraizadas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico-cultural que se remonta a máis de 2.000 anos.

Por mor dos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vidas e actividades económicas tradicionais, proceso de urbanización, influencia dos medios de comunicación) esta comunidade cultural milenaria está perdendo vitalidade e moitas das manifestacións que a constitúen están en risco de desaparición.

Para mudar esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das Administracións, as institucións académicas e educativas, e a sociedade, en



camiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos nosos pobos.

A candidatura presentada pola asociación cultural e educativa *Ponte...nas ondas!* pode constituír un importante punto de partida para conseguir unha maior atención a este rico patrimonio e un maior compromiso por parte da sociedade e das institucións para a súa conservación e promoción. E que ademais redundaría nun meirande coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais entre Galicia e o Norte de Portugal.

Ten relevancia o feito de que se trate dunha iniciativa nacida no seo da sociedade, por medio dunha asociación integrada por centros educativos de Galicia e do Norte de Portugal e por escolas asociadas á rede da UNESCO e que conta co apoio de diversas institucións académicas e entidades educativas e culturais dos dous territorios.



## QUINTANA SERÁ O NOVO VICEPRESIDENTE DA COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS CO GOBERNO CENTRAL

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación dos membros e cargos deste órgano de cooperación*

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, será o novo vicepresidente da Comisión Mixta de Transferencias co Goberno central. Así o establece un acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta que modifica a anterior composición da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo a nova disposición, Quintana substituirá o conselleiro de Presidencia e Relacións Institucionais do anterior goberno, que exercía anteriormente como vicepresidente da Comisión Mixta.

O acordo de hoxe no Consello da Xunta establece que o ministro de Administracións Públicas, Jordi Sevilla, seguirá a exercer como presidente desta comisión, e Anxo Quintana ocupará a súa vicepresidencia, en virtude das competencias en materia de Relacións Institucionais que asumiu o seu departamento na conformación do novo Goberno galego.

Ademais o secretario xeral de Relacións Institucionais, Antón Losada, será o secretario da comisión, da que tamén forman parte o conselleiro de Economía, o director xeral da Asesoría Xurídica do Goberno galego e o director xeral de Relacións Parlamentarias.

A Comisión Mixta de Transferencias entre a Xunta e o Goberno central reactivouse tras un recente acordo entre o vicepresidente da Xunta e o ministro de Administracións Públicas, Jordi Sevilla, nun encontro que mantiveron o mes pasado en Madrid. Nesta reunión acordaron, ademais, a reactivación da Comisión Bilateral de Cooperación entre os dous gobernos.



## XUNTA E GOBERNO CENTRAL FOMENTAN A INCORPORACIÓN DE INVESTIGADORES AO SECTOR E A DEDICACIÓN INTENSIVA Á TAREFA CIENTÍFICA

- *O acordo de colaboración que se asinará proximamente entre o Ministerio e as Consellerías de Educación e Innovación céntrase no desenvolvemento do Programa 13*
- *Esta iniciativa promove a contratación de investigadores con traxectoria destacable co fin de incorporalos ao sistema de ciencia e tecnoloxía*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun protocolo de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e o Goberno galego, a través das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Innovación e Industria, para o desenvolvemento na Comunidade galega do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (*Programa 13*). Este proxecto desenvolverase mediante a concesión de axudas xestionadas polo Executivo autonómico, ás universidades e demais centros de I+D mediante dúas liñas de actuación complementarias: a incorporación estable e a intensificación.

O *Programa 13* ten entre os seus obxectivos fomentar a incorporación estable dos profesores-investigadores cunha traxectoria investigadora destacada nas universidades, o CSIC e outros organismos públicos de investigación, e demais centros de I+D. Ademais, favorece a captación ou recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia, para a súa incorporación ao sistema español de ciencia e tecnoloxía ao tempo que incentiva a incorporación de investigadores novos con alto potencial en grupos emerxentes e consolidados. O *Programa 13* promove a intensificación da actividade investigadora dos profesores-investigadores permanentes, contribuíndo a incrementar a cantidade e calidade destes científicos e dos grupos de investigación.

### **Incorporar e incentivar**

Deste xeito, a liña de incorporación estable, unha das dúas modalidades do *13*, persegue incentivar a captación e permanencia no sistema español de ciencia e tecnoloxía de profesores-investigadores españois e estranxeiros cunha traxectoria destacada.

A axuda consiste nunha achega con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación por posto de traballo elixible, equivalente no primeiro nivel ás retribucións dun profesor titular de universidade e no segundo nivel, ás retribucións dun profesor catedrático universitario. Ademais, de cara a captar investigadores españois ou estranxeiros con méritos excepcionais poderá financiarse, con cargo ás axudas do programa, a asignación dun complemento retributivo adicional de acordo coa normativa vixente.



A liña de intensificación persegue incrementar a dedicación intensiva á actividade de investigación, aproveitar ao máximo o potencial e a capacidade dos investigadores e dos grupos de investigación emerxentes e consolidados e estimular a xuventude con talento. Esta liña consistirá na achega de recursos para compensar a universidade pola dedicación prioritaria á investigación dos seus profesores-investigadores. Estas achegas irán destinadas, sobre todo, á contratación e retribucións do persoal que asuma a docencia dos profesores-investigadores que se concentren na investigación.

Os demais centros de I+D poderán contribuír ás accións de incentivación da actividade investigadora, incorporando con carácter temporal profesores-investigadores do Sistema Universitario de Galicia nos seus centros e favorecendo a mobilidade investigadora.

### **Participación da Xunta**

O protocolo autorizado hoxe para a súa sinatura vén establecer a participación da Xunta de Galicia no *Programa I3* no que se refire ao Sistema Universitario de Galicia e demais centros de I+D, determinándose o alcance das relacións de coordinación e cooperación entre as entidades asinantes.

Segundo o acordo, as Consellerías de Educación e de Innovación poderán priorizar os centros con mellor e maior produtividade, comprometéndose estes a poñer á disposición dos investigadores as instalacións e medios materiais necesarios para o desenvolvemento normal do seu traballo.

Os ámbitos de investigación que se consideran preferentes en Galicia no *Programa I3* son os que establece o *Plan de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico* da Xunta de Galicia que aposta por todas as áreas científicas e tecnolóxicas, en especial pola investigación básica ou fundamental baixo criterios de calidade e excelencia e que á súa vez prioriza as liñas de interese estratéxico para os sectores produtivos ou de gran transversalidade.

### **Convenio específico anual**

O protocolo establece que anualmente as partes asinantes formalizarán un convenio específico coa concreción do importe que se destine con cargo ao ministerio e ás consellerías, cando participen no financiamento do programa. O acordo marco entrará en vigor na data de sinatura e rematará ao mesmo tempo que o *Plan Nacional de I+D+I 2004-2007*.

O protocolo vén cumprir o desexo das partes asinantes en canto a incrementar a relación de cooperación e coordinación das súas actuacións en investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.



Ademais, os novos retos que se presentan coa implementación dos espazos europeos de educación superior e de investigación, e o avance dunha sociedade baseada no coñecemento requiren un importante esforzo no incremento da masa crítica de profesores-investigadores e do seu potencial no Sistema de I+D e particularmente, nas universidades.





## **POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA PRETO DE 715.000 EUROS A PAGAR OBRAS DE EMERXENCIA NA VARIANTE DE MARIN**

- *Estes arranxos evitaron desperfectos nas vivendas e vías colindantes na zona de Currás*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destina preto de 715.000 euros a pagar obras, consideradas de emerxencia, que se realizaron nun treito da Variante de Marín, en concreto, na zona de Currás, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta.

O obxectivo destas obras foi evitar que foran a máis os desperfectos detectados en vivendas e vías próximas aos muros, en concreto, no treito de conexión da estrada de Figueirido coa estrada C-550. Estas vivendas sufriron desperfectos en pinturas, peches, beirarrúas e lousados. Dado que se trataba de problemas que tiñan repercusión estrutural, a consellería considerou prioritario acometer as obras necesarias para evitar maiores problemas.

Deste xeito, procedeuse a analizar a situación dos noiros e a súa estabilidade. Ademais, efectuouse un control de movementos do terreo para comprobar que non se producen comportamentos anómalos nas inmediacións dos muros.

Tamén se procedeu á drenaxe do macizo, para evitar que a auga se acumulase no mesmo; ao selado de fendas para evitar a entrada de auga polas fisuras, así como ao reforzo dos noiros de escavación.



## **APROBADA A CREACIÓN DA XUNTA CONSULTIVA DO *PARQUE NATURAL DO INVERNADOIRO***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe a creación da xunta consultiva do *Parque Natural do Invernadoiro*, situado no macizo central da provincia de Ourense. Trátase dun organismo de consulta, negociación e relación con todos os representantes dos sectores socioeconómicos e administracións con competencias no territorio onde está asentado o parque.

A xunta consultiva estará integrada por un presidente, que será nomeado por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, os alcaldes de Vilarinho de Conso e Castrelo do Val, un representante da Consellería de Política Territorial e o outro da do Medio Rural, un secretario –cargo que ocupará o director do parque- e un representante da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

*O Invernadoiro*, que foi declarado parque natural o 5 de xuño de 1997 e consta dunha superficie de 5.722 hectáreas, carecía ata o momento de xunta consultiva, un organismo que deben ter todos os parques naturais da nosa Comunidade Autónoma.



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

### DELEGADA TERRITORIAL NA CORUÑA

#### **María Dolores Rodríguez González**

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela.

Ingresou no corpo especial de Xestión da Facenda Pública, especialidade Inspección Auxiliar, en marzo de 1983. Desenvolveu os cargos de xefa de Sección de Xestión Tributaria da Consellería de Economía, Facenda e Comercio; e a xefatura do Servizo de Inspección Tributaria da Dirección Xeral de Tributos e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda.

Dende o mes de xullo de 1990 ocupa o cargo de inspectora auxiliar na Delegación da Consellería na Coruña. Posteriormente, accedeu ao Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

En 1995 pasa a integrarse na Escola Superior de Finanzas, especialidade de Inspección Tributaria. Tomou posesión do seu posto de inspectora tributaria adscrito á Delegación de Economía e Facenda da Coruña, posto que estaba a ocupar ata a actualidade.



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

### DELEGADA TERRITORIAL EN OURENSE

#### **José Luis Gutiérrez Rodríguez**

Nacido en Ourense, José Luis Gutierrez Rodríguez é diplomado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Oviedo e licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Nacional de Educación a Distancia.

É auditor de contas e directivo da Xunta de Galicia. Ingresou como funcionario do Corpo Xeral Administrativo da Administración Civil do Estado en 1977 na Delegación de Facenda en Oviedo. Posteriormente ocupou a xefatura de Negociado da Unidade de Documentación Fiscal.

En 1983 pasou a formar parte do Corpo de Subinspección de Tributos na Delegación de Facenda de Lugo. Dous anos máis tarde foi transferido á Delegación da Consellería de Economía e Facenda en Lugo.

A partir de 1988 desempeñou o cargo de inspector tributario na Delegación da Consellería de Economía e Facenda de Ourense, posteriormente foi xefe de servizo de Inspección Tributaria na mesma delegación. Dende 1995 é funcionario do Corpo Superior da Xunta de Galicia, na escala superior de Finanzas. Dende maio deste mesmo ano trasladouse á especialidade de Intervención.

Así mesmo, foi profesor asociado na Universidade de Vigo, no Campus de Ourense, impartindo docencia nas facultades de Dereito, de Ciencias e na Escola de Empresariais.



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

### DELEGADA TERRITORIAL EN PONTEVEDRA

#### **María José de Castro Pena**

Natural de Marín, de Castro Pena é licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e membro do Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC).

Como funcionaria de carreira pertence á Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia, nas especialidades de Inspección e Xestión Financeira e Intervención, así como ao Corpo Técnico de Facenda do Ministerio de Economía e Facenda nas especialidades de Inspección, Xestión Tributaria e Contabilidade Pública.

Na actualidade era xefa de Servizo de Xestión Tributaria da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda en Pontevedra.

Con anterioridade desempeñou diversos postos de traballo nas áreas de Xestión Tributaria e Inspección na Delegación de Facenda na Coruña e na Administración de Facenda en Santiago de Compostela, dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

Na propia Consellería de Economía e Facenda exerceu os cargos de subdirectora xeral de Política Financeira e Tesouro, xefa de Servizo de Xustificación e Liquidación de Expedientes de incentivos na Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos, e Inspectora dos Tributos na Delegación Territorial en Pontevedra.



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

### DELEGADA TERRITORIAL EN VIGO

#### **Begoña Martín-Riva Porrúa**

Nacida en Santander, Begoña Martín-Riva Porrúa é licenciada en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid.

Ingresou no corpo especial de Xestión da facenda pública no ano 1981. Desempeñou o cargo de xefa do Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e vogal do Tribunal Económico-Administrativo Rexional dende o ano 1981 ata o ano 1983 data na que se incorpora á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Nesta consellería desempeña o cargo de Xefa do Servizo de Xestión na Dirección Xeral de Tributos ata o ano 1991, data na que se traslada á Delegación Territorial de Vigo como xefa do Servizo de Xestión Tributaria.

No ano 1993 ingresa no Corpo Superior da Xunta de Galicia, integrándose no ano 1995 na escala superior de finanzas, corpo do que posúe as especialidades de Inspección, Xestión e Intervención.

En 1997 pasa a desempeñar funcións de inspectora tributaria nesa mesma delegación territorial cargo que ocupa actualmente.